



Corazón da Artesanía

XIII Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia

Do 3 ao 5 de xullo de 2026

11.00h a 14.00h | 16.00h a 21.30h


Os Pendellos, Agolada (Pontevedra)

O Encontro

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, a través da Fundación Pública Artesanía de Galicia, en colaboración co Concello de Agolada (Pontevedra), pon en marcha o **Corazón da Artesanía. XIII Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia**, que se celebrará os días 3, 4 e 5 de xullo nos Pendellos da Agolada.

A Fundación Pública Artesanía de Galicia comezou con esta iniciativa no ano 2012 co obxectivo de favorecer a promoción, a posta en valor e a comercialización do produto artesanán galego. O encontro, pensado tanto para público xeral como para os profesionais, permite abrir novas vías de colaboración e oportunidades de negocio tanto para os artesáns da marca Artesanía de Galicia como para os demais emprendedores participantes.

O Corazón da Artesanía chega á súa décimoterceira edición, constituíndo o mellor escaparate dos oficios artesanais tradicionais que se desenvolven en Galicia, como o téxtil, a madeira, a ourivería, a olería, a elaboración de instrumentos musicais ou a cestería. Ademais da demostración de oficios por parte de artesáns, no encontro hai un espazo reservado para postos de venda de produtos gastronómicos de calidade.





Por que os Pendellos de Agolada?

Situado no corazón de Galicia, nunha encrucillada de camiños entre os vales do Alto Ulla e do Arnego, Os Pendellos son un singular conxunto de arquitectura popular do século XVIII, un dos campos de feira mellor conservados de Galicia declarado conxunto histórico-artístico no ano 1985 e rehabilitado pola Xunta de Galicia.

Pequenas plazas empedradas mestúranse con construción de un e dous andares que foron testemuña de comercio, folclore, intercambio de coñecementos, oficios e, en definitiva, da esencia da artesanía.



Corazón da Artesanía

O principal obxectivo do Corazón da Artesanía é promocionar o sector económico dos oficios artesanais tradicionais, contribuíndo ao seu posicionamento no mercado actual e creando un espazo de interrelación onde conflúan os diferentes eidos que conforman a nosa identidade. Trátase de poñer en valor a nosa artesanía, a música en vivo e a gastronomía, proxectando unha imaxe integral da cultura tradicional e popular de Galicia.

O encontro terá un carácter multidisciplinar e plural, tanto desde o punto de vista das actividades a desenvolver como dos oficios representados e das empresas participantes, configurando unha oferta atractiva que satisfaga ao público.



Solicitudes

Os obradoiros interesados en participar deberán cubrir a solicitude de participación dispoñible na sección "Feiras" da web artesianiadegalicia.xunta.gal antes do 18 marzo ás 14:00 horas e achegar en adxuntos a seguinte información:

Fotografías dos produtos a comercializar durante o encontro (máximo 5)

Certificado de estar ao corrente en pagos coa Seguridade Social.

Certificado de estar ao corrente en pagos con Facenda.

Selección

A selección de obradoiros que participarán no XIII Corazón da Artesanía comunicaráse por correo electrónico, unha vez rematado o prazo de recepción de solicitudes e analizadas as propostas.

A Fundación seleccionará aos participantes procurando unha representación ampla dos produtos artesanais galegos e acorde aos obxectivos divulgativos, comerciais e promocionais do evento.

Máis información

Para máis información poden contactar coa Fundación Pública Artesanía de Galicia, no teléfono 881 999 174 ou a través do mail formacion.artesania@xunta.gal

